



Moción aprobada polo Pleno do Parlamento de Galicia o 10 de abril de 2012

**3.1 08/MOC-0159 (80078)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez Romeu, José Luis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o mantemento da empresa Alcoa en Galicia e o impulso dun acordo de prezos entre as empresas produtoras de electricidade e os grandes consumidores. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 76147, publicada no BOPG núm. 630, do 01.02.2012, e debatida na sesión plenaria do 27.03.2012)

O texto aprobado é o seguinte:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1.º) Trasladarlle ao Goberno de España a recomendación de impulsar un acordo urxente de prezos entre as empresas produtoras de electricidade e os grandes consumidores, que implique unha minoración dos actualmente vixentes ata o 31 de decembro, e un horizonte superior a cinco anos, que faga posible o desenvolvemento dos plans estratéxicos das industrias afectadas.

2.º) Unha revisión das tarifas de acceso para os grandes consumidores de enerxía que inclúan só e exclusivamente os custos asociados ás redes e aos de operación do sistema.

3.º) Que se manteña o servizo de xestión de interrumpibilidade da demanda.

4.º) Que poña en valor o carácter estratéxico das plantas de Alcoa en Galicia, pola súa produción de alumina e aluminio,



polo súa achega ao valor engadido e polo volume de emprego xerado.

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2012